



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de Sara Pallas Aldao como persoal funcionaria interina, auxiliar administrativa, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración.

Núm. Admvo. Expte.: 2021/X999/000019

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000594

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 127/2021, de 16/03/2021, se aprobaron as bases e a convocatoria para a selección e provisión dun posto de traballo de funcionario/a interino/a de auxiliar administrativo, Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración.

Vista a proposta do tribunal cualificador de data 30/09/2021 respecto do resultado do sorteo, da relación definitiva de persoas aprobadas e lista definitiva de reserva.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 548/2021, de data 06/10/2021 na que se lle require ao aspirante proposto para que presente a documentación requirida.

Vista a documentación acreditativa das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, achegada pola aspirante proposta con data do 08/10/2021.

De conformidade co artigo 21.1.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro. Realizar o nomeamento a favor de Sara Pallas Aldao, con DNI núm. ***205*** como funcionaria interina, auxiliar administrativa, de Administración Xeral, Subgrupo C2, na área de Servizos Sociais do Concello de Laxe para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da administración neste concello, programa: “Gastos e actuacións extraordinarios no Departamento de servizos sociais xerados pola Covid-19”.

Segundo. O prazo de duración da interinidade será o imprescindible para a execución do programa “Gastos e actuacións extraordinarios no Departamento de servizos sociais xerados pola Covid-19”, tendo un prazo máximo de tres anos, ampliable a doce meses máis se o xustificase a duración do correspondente programa.

Terceiro. Notificar a presente resolución á aspirante nomeada comunicándolle que deberá tomar posesión e incorporarse nun prazo máximo de cinco días naturais contados a partir do seguinte á notificación, de acordo co establecido na base novena.

Así mesmo, informaráselle acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co concello.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Cuarto. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Quinto. Publicar esta resolución de nomeamento na páxina web do concello (concellodelaxe.com), no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal.

Sexto. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde,
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García